

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE FEBREIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de febreiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Emilio José Cuiñas Otero e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de febreiro do dous mil nove (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

#### CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona Eudisia Escudero Regueiro**, con domicilio na rúa dos Fornos nº 32, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa dos Fornos nº 32, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

“Solicitude de información urbanística interesada por **dona Maria Nieves Rial Gómez**, con domicilio na Rúa Urzaiz nº 184, 6ºB, Vigo, co número de rexistro de entrada 138. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 18.02.09 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Camiño Cima do Lugar nº 43, San Cristovo (REF CAST: 1749111NG7814N0001SS) , a solicitude de dona Maria Nieves Rial Gómez, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“ De Gestima S.A., documentación relativa a marcha da explotación da concesión do parking da Alameda de Ribadavia “.

-“Da Mancomunidade do Ribeiro, Resolución a Presidencia de data 17.02.09, relativa a liquidación de reparto de custos dos servizos do an 2002 aos concellos integrantes de dito organismo, practicada en execución de Sentencia do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Ourense e que substitúe a dictada con data 31 de decembro de 2002”.

-“Da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, comunicando Resolución denegatoria do proxecto denominado 0169 EMETRANS 1 E, encadrado dentro do Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2007-2013”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmiento”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro e Don Miguel Angel Calvo Salve, executada pola empresa Norvial S.L. por un importe total de 85.119,91 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 85.119,91 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Norvial S.L., pola mesma cantidade.”

3º.- Tomar coñecemento do endoso practicado a prol de Don Jorge González Alvarez, con D.N.I. núm. 76.711.190-A, por importe de 19.064,24 euros, co número de conta 0097 8959 050500117639.”

##### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

LEVAGALIA, abono ascensor centro social de San Paio, por importe de 11.984 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **CONCERTACION DE OPERACION DE FACTORING.-**

“Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de factoring da subvención de 150.179,19 euros concedida pola Subdirección Xeral da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo para o Proxecto de Iniciativa Comunitaria Equal “Avia Crea Futuro” nº 353.

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2007, polo que se delega a competencia da contratación de ditas operacións na Xunta de Goberno Local , a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

#### **A C O R D O**

1º.- Concertar coa Entidade Financiera : Banco Bilbao Vizcaya Argentaria Factoring, o contrato de factoring da referida subvención por importe de 150.179,19 euros, nas condicións do documento anexo e en particular as seguintes características.

- a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 1 mes + 1 punto.
- b) Comisión de factoring: 0,10%.
- c) Comisión de apertura: 0%.

2º.- Facultar o Sr. Alcalde para asinar o devandito contrato de factoring e cantos documentos sexan precisos para a formalización do presente acordo”.

#### **APROBACION DE PLANNIG DE EXECUCION DE OBRA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o planing de execución de obra denominada “Acondicionamento de Cemiterio de San Cristovo”, presentado pola empresa adxudicataria Milcons S.L.”.

#### **ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2008 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE PROMOCION E FOMENTO DE COOPERATIVISMO..**

“Vista a Orde de 30 de Decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos Concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento de cooperativismo, publicada no DOGA nº 6, de 9 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o fomento e realización de actividades de voluntariado, de acordo co artigo 3.2. da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 3 da mesma.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO